

EXPEDIENTE: 2026/E001/000004 (relacionado co expediente 2025/A008/000037)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA OPERARIO/A DE SERVICIOS VARIOS E FORMACIÓN DE LISTAXE DE RESERVA PARA O PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA OPERARIO/A DE SERVICIOS VARIOS E FORMACIÓN DE LISTAXE DE RESERVA PARA O PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2026

Logo de ver a proposta do concelleiro de Ordenación do Territorio, Obras e Servizos, Cultura e Patrimonio de data 12/06/2026.

Logo de ver as Bases reguladoras, en réxime de concorrencia, do Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS/2026) (BOP núm. 197, do 15 de outubro de 2025).

Logo de ver a Resolución número 2026/7246, do 23 de febreiro, pola que se aproba a concesión das subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2026 (PEL-CONCELLOS 2026) (BOP núm. 38, do 26/02/2026), na que se concede ao Concello de Dodro unha subvención por importe de 31.000,00 € para o obxecto: programa de integración laboral.

Logo de ver o expediente que se tramita para a selección dun/dunha operario/a de servizos varios para o Concello de Dodro e formación de listaxe de reserva para o Programa PEL-CONCELLOS 2026, mediante o sistema de concurso-oposición, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía número 233/2026 do 19 de maio de 2026.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 26 de maio de 2026 (BOP núm. 97) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Realizadas as probas o 09/06/2026, consta acta do tribunal, ao efecto de nomeamento e lista de reserva de contratacións de operarios/as de servizos varios ao abeiro do programa PEL-Concellos 2026.

Consta Resolución da Alcaldía 280/2026 de 12 de xuño de 2026, de aprobación da proposta do Tribunal cualificador ao efecto de nomeamento e lista de reserva de contratación de operarios/as de servizos varios ao abeiro do programa PEL-Concellos 2026. A persoa seleccionada para a contratación e JOSÉ RAMÓN FRANCO SOMOZA.

Considerando que nos mencionados documentos estableceuse a seguinte lista de reserva coas persoas aspirantes que non foron propostas para a súa contratación por obter una puntuación ordinal inferior ao número de prazas convocadas, incluída por orde decrecente de puntuación, aos efectos de cubrir vacantes, baixas ou renuncias, no seu caso:

1º MANUEL REGUEIRO FERREIRA

Considerando que nos mencionados documentos a relación de candidatos/as que superaron o proceso de selección é inferior ao número de prazas convocadas, non se estableceu lista de reserva aos efectos de cubrir vacantes, baixas ou renuncias, no seu caso.

Consta informe de secretaría-intervención de reparo suspensivo, reiterando o informado respecto da fase A.

As bases reguladoras do programa (PEL CONCELLOS 2026) (BOP núm. 197, do 15 de outubro de 2025), establecen que as persoas a contratar deberán estar en situación de

desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalgunha das situacións de exclusión laboral que nelas se indican.

Logo de ver que a base 3.3 denominada “Requisitos da contratación” das “Bases específicas do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS/2026)” establece o seguinte:

“Os concellos adheridos ao Programa poderán realizar as contratacións ao abeiro da convocatoria PEL-CONCELLOS, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, asignándolles os códigos 405, cando a contratación sexa a tempo completo, e 505 cando sexa a tempo parcial. (...), polo que non poden subsanarse os defectos observados pola Intervención.

Consta documentación achegada polo aspirante o 12/06/2026 e de acordo coa Base décimo primeira das reguladoras do procedemento.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal e de conformidade co artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a necesidade e urxencia de contratar a un/unha operario/a de servizos varios para a execución de obras e servizos municipais no Concello de Dodro, ao abeiro do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS/2026) (BOP núm. 197, do 15 de outubro de 2025), e do disposto na Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para 2026, o que supón o levantamento do reparo polos motivos indicados.

SEGUNDO.- Contratar como operario de servizos varios a José Ramón franco Somoza (DNI ***921***), durante un período de cinco (5) meses, a xornada completa e sendo a data de inicio o 15 de xuño de 2026.

O contrato rexerese pola lexislación laboral, na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

TERCEIRO.- Dispoñer o gasto por importe e con cargo ás aplicación orzamentarias seguintes 163/14300 e 163/16000.

CUARTO.- Aprobar a formación dunha listaxe de reserva de operarios/as de servizos varios do Concello de Dodro para o PEL Concellos 2026, coa seguinte orde de prelación:

1º MANUEL REGUEIRO FERREIRA

QUINTO.- Notificar a resolución aos interesados e publicala no taboleiro de anuncios do Concello de Dodro

SEXTO.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

*Dodro, documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe*